

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DE PROVER 1 PRAZA FUNCIONARIAL DE OFICIAL POLICÍA LOCAL, POR QUENDA PROMOCIÓN INTERNA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2014-2015-2016 CELEBRADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2022.

Sendo as 09,30 horas do día 24 de agosto de 2022, reúnen os membros do órgano de selección que de seguido se relacionan, nas dependencias da Xefatura da Policía Local do Concello de Vigo, acadando o quórum suficiente de constitución (Base xeral 8.4.1):

Asisten:

- D. Alberto Carballo Acuña**, na condición de Presidente suplente do Tribunal.
- D. José Bouzas Novas**, na condición de Vocal titular 1º.
- D. Francisco José Vila Campos**, na condición de Vocal titular 2º.
- Dª. Rosa Ana Garcinuño Barreiro**, Secretaria titular do Tribunal, actuando con voz e sen voto.

A Secretaria da lectura á Sentenza nº 59, de 17 de abril de 2020, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no P.A nº 272/2019 interposto por D. Enrique Comesaña Rosende, así como á Sentenza nº 744, de 9 de decembro de 2021, ditada pola Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación 294/2020 interposto por D. Enrique Comesaña Rosende e mais ao Auto de Execución Provisional nº 62, de 28 de xullo de 2022, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

A Sentenza nº 744, de 9 de decembro de 2021, ditada pola Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estima o recurso de apelación interposto por D. Enrique Comesaña Rosende, revocando a Sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no P.A nº 272/2019.

Dando estrito cumprimento ao contido do fallo do TSXG, o Tribunal Cualificador do proceso selectivo procede a modificar as puntuacións definitivas do exercicio primeiro (tipo test) da oposición do proceso selectivo destinado á cobertura da praza de Oficial de Policía Local en propiedade do Concello de Vigo, en función das conclusións recollidas na Sentenza de Instancia, deixando sen efecto o nomeamento de D. Enrique Toucedo Garrido e declarando superado dito proceso por D. Enrique Comesaña Rosende que debe ser nomeado Oficial da Policía Local de Vigo.


O TSXG sentencia que o único aspirante que debería ter sido convocado a realizar a segunda proba da fase da oposición (caso Teórico-Práctico) era o demandante, D. Enrique Comesaña Rosende, polo que ordena que se proceda a modificar as puntuacións obtidas en ambos exercicios do proceso selectivo, en función das conclusións adoptadas pola Sentenza de Instancia.

O Fundamento de Dereito 2º da Sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo establece que a correcta pregunta do test tan só admite una resposta única, clara, incontestable e susceptible de ser localizada, polo que non se pode validar mais de una resposta por pregunta como ten feito o Tribunal do proceso selectivo.

Considerando o exposto, os membros do Tribunal de Selección proceden a examinar as preguntas conflitivas do test, segundo as conclusións recollidas na Sentenza de Instancia:

Pregunta 17:

- Resposta válida para o Tribunal de Selección o pasado 04/04/2019 no momento de elevar a definitivas as puntuacións do exercicio tipo test: Opción D.
- Resposta válida segundo a Sentenza nº 59/2020, de 17 de abril de 2020, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo: Opción B.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Toucedo Garrido: Opción D.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/09/2022 15:41	Páxina 1 de 4
32853-220	CSV:	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Comesaña Rosende: Opción C. (Constatado o exame do aspirante Sr. Comesaña a resposta que consigna no seu exercicio test é a opción C, non a B tal y e como reza a Sentenza de Instancia que neste aspecto comete un erro de feito).

Pregunta nº 30:

- Resposta válida para o Tribunal de Selección o pasado 04/04/2019 no momento de elevar a definitivas as puntuacións do exercicio tipo test: Opción D.
- Resposta válida segundo a Sentenza nº 59/2020, de 17 de abril de 2020, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo: Opción A.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Toucedo Garrido: Opción D.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Comesaña Rosende: Opción A.

Pregunta nº 37:

- Na sesión celebrada o 04/04/2019 o Tribunal de selección anulou a pregunta nº 37, substituíndoa pola nº 125 das preguntas de reserva, dando como resposta correcta da pregunta nº 125 a opción C.
- Resposta válida segundo a Sentenza nº 59/2020, de 17 de abril de 2020, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo: Non ten cabida a anulación da pregunta nº 37, non se axusta a dereito. A resposta correcta á pregunta nº 37 é a opción C.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Toucedo Garrido á pregunta nº 37: Opción A.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Toucedo Garrido á pregunta nº 125: Opción C.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Comesaña Rosende á pregunta nº 37: : Opción C.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Comesaña Rosende á pregunta nº 125: Opción C.

Segundo a Sentenza de Instancia, o Tribunal elimina a pregunta nº 125 e puntúa os exercicios considerando a pregunta nº 37, que non debería ter sido anulada.

Pregunta nº 51:

- Respostas válidas para o Tribunal de Selección o pasado 04/04/2019 no momento de elevar a definitivas as puntuacións do exercicio tipo test: Opcións A, C, D.
- Resposta válida segundo a Sentenza nº 59/2020, de 17 de abril de 2020, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo: Tan só poderá haber una opción de resposta correcta, non tres opcións, tal e como considerou o Tribunal de selección. Non obstante, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo non se pronuncia sobre cal é a resposta correcta, polo que a xuízo do Tribunal de selección na presente sesión a resposta correcta sería a opción D.



Motivo: A normativa atópase recollida no Capítulo 8.1.4 do Acordo Europeo sobre Transporte Internacional de Mercadorías Perigosas por Estrada (ADR) 2015, referente a medios de extinción de incendios e dí o seguinte:

(...) *“Para las unidades de transporte de una masa máxima admisible superior a 7,5 toneladas, uno o varios extintores de incendios portátiles adaptados a las clases de inflamabilidad A, B y C, con una capacidad mínima total de 12 kg. de polvo (o de capacidad correspondiente para otro agente extintor aceptable), de los que al menos un extintor deberá tener una capacidad mínima de 6 kg”.*(...)

- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Toucedo Garrido: Opción D.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Comesaña Rosende: Opción C.

Pregunta 100:

- Respostas válidas para o Tribunal de Selección o pasado 04/04/2019 no momento de elevar a definitivas as puntuacións do exercicio tipo test: Opcións A - D.
- Resposta válida segundo a Sentenza nº 59/2020, de 17 de abril de 2020, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo: Opción C.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Toucedo Garrido: Opción D.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/09/2022 15:41	Páxina 2 de 4
	32853-220	CSV: 	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			

- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Comesaña Rosende: Opción D. (Constatado o exame do aspirante Sr. Comesaña a resposta que consigna no seu exercicio test é a opción D, non a C tal e como reza a Sentenza de Instancia que neste aspecto comete un erro de feito).

Pregunta 114:

- Na sesión celebrada o 20/03/2019 o Tribunal de selección anulou a pregunta nº114, substituíndoa pola nº 124 das preguntas de reserva, dando como resposta correcta da pregunta nº 124 a opción D.
- Resposta válida segundo a Sentenza nº 59/2020, de 17 de abril de 2020, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo: Non ten cabida a anulación da pregunta nº 114. A resposta correcta á pregunta nº 114 é a opción D.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Toucedo Garrido á pregunta nº 114: Opción C.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Toucedo Garrido á pregunta nº 124: Opción A.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Comesaña Rosende á pregunta nº 114: : Opción D.
- Resposta dada no exercicio test por D. Enrique Comesaña Rosende á pregunta nº 124: Opción D.

Segundo a Sentenza de Instancia, o Tribunal elimina a pregunta nº 124 e puntúa os exercicios considerando a pregunta nº 114, que non debería ter sido anulada.

Visto o exposto, o Tribunal cualificador constata que na realización do exercicio tipo test:

D. Enrique Toucedo Garrido ten un total de **71 respostas correctas** e **49 incorrectas** no exercicio test, cun total neste primeiro exercicio de **4,55 puntos (NON APTO)**.

D. Enrique Comesaña Rosende ten un total de **78 respostas correctas** e **42 incorrectas** no exercicio test, cun total neste primeiro exercicio de **5,33 puntos (APTO)**.


Considerando que Don Enrique Toucedo Garrido obtén unha puntuación inferior aos 5 puntos necesarios neste primeiro exercicio test da fase da oposición, non debería ter sido convocado á realización do segundo exercicio teórico-práctico, polo que procede propoñer a anulación do seu nomeamento como Oficial da Policía Local de Vigo.

En execución de Sentenza procede modificar á nota do exercicio tipo test de D. Enrique Comesaña Rosende que pasaría a obter 5,33 puntos, sendo o único aspirante que debería ter sido convocado á realización do segundo exercicio teórico-práctico.

A Secretaria da lectura á Base Específica 15 (segundo exercicio, parágrafo terceiro):

“ A puntuación final de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións de ambas ás dúas probas, que se avaliarán de cero a dez puntos cada unha delas; será necesario acadar en cada unha un mínimo de 5 puntos para superar a oposición. Para ponderar esta puntuación en relación ao 60% da nota final que corresponde á fase da oposición, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería acadar na oposición, que sería un dez, se lle outorgarían seis puntos para a nota ponderada coa fase de concurso, de xeito que ambas as puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarían como máximo dez puntos, correspondendo nesa puntuación unha porcentaxe máxima do 40% ao concurso e do 60% a da oposición, como se di no primeiro parágrafo desta mesma base.”

Considerando as puntuación obtidas polo aspirante **D. Jorge Enrique Comesaña Rosende** na fase de concurso (15,35 puntos) e na fase de oposición (test 5,33 puntos – teórico práctico 6,875 = total da fase de oposición 6,10 puntos), aplicando a Base 15ª das Específicas, obtemos a seguinte puntuación final: **6,21 puntos total**.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/09/2022 15:41	Páxina 3 de 4
32853-220	CSV: 	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		


Os membros do órgano de selección, por unanimidade, acordan:

PRIMEIRO.- En cumprimento do Auto nº 62/2022, de 28 de xullo, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo (EXP 24/2022- PA 272/2019), deixar sen efecto o nomeamento de D. Enrique Toucedo Garrido como Oficial da Policía Local de Vigo.

SEGUNDO: Declarar aprobada a oposición para a praza convocada de Oficial de Policía Local de Vigo, de conformidade coa Base Xeral 8.4.6ª e coas Bases Específicas desta oposición, ao aspirante D. Jorge Enrique Comesaña Rosende, con DNI [REDACTED], cunha puntuación total de 6,21.

TERCEIRO.- Remitir o expediente tramitado ao servizo de Recursos Humanos ao obxecto de que proceda consonte ao previsto no epígrafe VII das Bases específicas e na base xeral décimo cuarta, previa comprobación das esixencias documentais ás que se refire a Base xeral décimo terceira.

E sen máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 12:30 horas, levantándose Acta do actuado, da que da fe a Sra. Secretaria, co Vº e prace do Sr. Presidente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/09/2022 15:41	Páxina 4 de 4
32853-220	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		